

002671 19.03.2015 08:35

Na Licenciatura en Veterinaria a materia troncal PTL131 "Estancias" ten unhas características singulares en canto á súa docencia, na que colaboran axentes externos á propia USC, polo que a súa organización e xestión é complexa. As Estancias pódense cursar ben durante o primeiro semestre ou nos meses de xuño, xullo e agosto. Para cursala os alumnos deben cumprir uns requisitos académicos previos, así como realizar unha inscrición anticipada na Facultade para que esta poida organizar as quendas e prazas.

Tendo en conta que o último curso de impartición da materia é o próximo curso académico 2015-2016 e co fin de facilitar aos estudantes a finalización dos seus estudos polo plan de licenciatura, finalizado o prazo xeral de matrícula para o segundo semestre, e á vista da petición da Facultade de Veterinaria,

Esta Reitoría resolve:

ÚNICO.- Os alumnos da Licenciatura en Veterinaria que non formalizaran matrícula na materia PTL131 "Estancias" no prazo ordinario e reúnan os requisitos académicos establecidos, poderán matricularse no prazo extraordinario do 23 ao 27 de marzo de 2015.

Santiago, 18 de marzo de 2015

O REITOR,



Juan Viaño Rey